DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 25 | Venres, 6 de febreiro de 2026 | Páx. 11325

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2025 pola que se convoca o concurso Eduemprende Idea 2026 dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos (código de procedemento TR880C).*

BDNS (Identif.): 885428.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/885428

Primeiro. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar o concurso Eduemprende Idea 2026, co fin de promover a realización de proxectos empresariais por parte do alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

Segundo. *Persoas beneficiarias*

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado durante o curso 2025/26 nas ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

2. A participación terá que ser en grupo, formado por un mínimo de dúas persoas e un máximo de catro, que terán igualmente a consideración de beneficiarias. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única co poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponden á agrupación.

3. As persoas participantes deben cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarias, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

CVE-DOG: ocdh8st6-gsg7-axb4-fee4-lozrwaeogy6

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED534A).*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica unha especial atención á educación de persoas adultas, co obxectivo de que todos os cidadáns teñan a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. No seu artigo 69 establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizarán periodicamente probas para a obtención directa do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introduciu importantes remodelacións no currículo e na organización do bacharelato, que foron desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto recolle na disposición adicional terceira que a consellería con competencias en materia de educación organizará probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel sempre que demostren alcanzar os obxectivos e as competencias clave do bacharelato.

A Orde do 31 de xaneiro de 2025 regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da mencionada orde,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto convocar a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos correspondente ao ano 2026 na Comunidade Autóno-

CVE-DOG: s0m10tz2-jnz6-l4l0-83w3-d0pifvvj1st2

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas económicas a través do Bono Emancípate, no ano 2026, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento CT501B).*

A Constitución española sinala, no seu artigo 48, que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, parágrafos 22, 23 e 24, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, que se aplica, entre outros, ao ámbito da xuventude.

Polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, sinala no seu artigo 10 que a Xunta de Galicia facilitará os procesos de autonomía persoal da xuventude desenvolvendo políticas transversais que favorezan o acceso da xente nova a unha vivenda digna. No seu preámbulo e no seu artigo 2.2 establécese que terán a consideración de persoas novas as que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos incluídos, ben que permite que desde a Dirección Xeral de Xuventude se poidan adoptar programas ou actuacións dirixidos a mozos e mozas dun rango diferente de idade, polas súas especiais características. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, sinala no seu artigo 11 que as administracións públicas de Galicia considerarán prioritarias para o impulso demográfico as políticas que faciliten a emancipación da xuventude con programas específicos que promovan o seu acceso a empregos estables e de calidade e para o acceso á vivenda.

Nun contexto de escaseza de oferta de vivenda e, por conseguinte, de prezos altos tanto para a adquisición de vivenda como para o alugamento, consciente das dificultades

CVE-DOG: qiqlehi5-pz61-kou6-8vz7-r0j1lrc8vm5

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*ORDE do 29 de decembro de 2025 pola que se convoca o concurso Eduemprende Idea 2026 dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos (código de procedemento TR880C).*

O emprendemento é unha forza esencial para o crecemento económico, a innovación e o desenvolvemento social, que impulsa a creación de solucións a desafíos actuais e contribúe á transformación de sectores clave. Non se limita á creación de novas empresas, senón que tamén fomenta a innovación dentro de organizacións existentes, promovendo a adaptabilidade e mellora continua.

Nun contexto de acelerados cambios tecnolóxicos, o emprendemento representa unha ferramenta crucial para afrontar desafíos sociais, económicos e ambientais, actuando como un axente de inclusión e igualdade de oportunidades, especialmente para comunidades desfavorecidas. A formación é clave para cultivar unha mentalidade emprendedora desde idades temperás, potenciando habilidades como a creatividade, a iniciativa e a autonomía, fundamentais para aproveitar as oportunidades do mercado actual e futuro.

O desenvolvemento das competencias emprendedoras no alumnado achega beneficios tanto a nivel persoal como profesional e, á vez, contribúe positivamente á sociedade, fortalecendo a competitividade e promovendo a creación de riqueza.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, ten a función de impulsar e coordinar o emprego xuvenil e fomentar o emprendemento no eido educativo nas súas distintas modalidades, en coordinación coa consellería competente en materia de educación; así se recolle no artigo 43 do Decreto 147/2024, do 20 de maio de 2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

En virtude desta competencia, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración convoca o concurso Eduemprende Idea 2026 no marco do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende, mediante o que pretende valorar e premiar proxectos de empresa que presente o alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

CVE-DOG: 5bm20ho0-ee45-4kr0-p0x9-y4zqv00sf7o1

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas económicas a través do Bono Emancípate, no ano 2026, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento CT501B).*

BDNS (Identif.): 885379.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/885379

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán beneficiarse desta axuda as persoas físicas maiores de idade que reúnan todos e cada un dos requisitos seguintes:

1.1. Ter menos de 36 anos de idade no momento de solicitar a axuda.

1.2. Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso das persoas estranxeiras non comunitarias, deberán encontrarse en situación de estadía ou residencia regular en España.

1.3. Dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos na data da solicitude.

Para estes efectos, entenderase que ten unha fonte regular de ingresos quen estea traballando por conta propia ou allea, o persoal investigador en formación e as persoas perceptoras dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial, sempre que poidan acreditar unha vida laboral de, polo menos, tres meses de antigüidade nos seis meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude, ou unha duración prevista da fonte de ingresos de, polo menos, seis meses contados desde o día da súa solicitude.

CVE-DOG: 5ebg7fa1-gje9-9vx1-xhg4-qpo6rr2cigo6